



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANUNCIO

TRÁMITE DE AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DA “ORDENANZA REGULADORA DO USO DAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO”

De conformidade co previsto nos artigos 129, 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no cumprimento do principio de transparencia e participación cidadá, procédese a dar difusión ao proxecto da ordenanza reguladora do uso das praias do Concello de Pontevedra, para que os interesados que así o consideren, poidan presentar as súas suxestións ao mesmo durante o prazo de **cinco días hábiles**, a contar desde o día seguinte ao da publicación do seguinte anuncio na sede electrónica municipal, podendo facelo en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015.

PROXECTO

ORDENANZA REGULADORA DO USO DE PRAIAS DO CONCELLO DE PONTECESO

Preámbulo

O Concello de Pontevedra non ten ningunha norma reguladora do uso dos areais das nosas praias, sendo elaborar unha norma que regule o uso dos areais polos usuarios, para lograr un efecto que posibilite o uso normal sen causar molestias aos restantes usuarios e conciliar o uso dos areais con prácticas deportivas, presenza de animais de compañía e restantes aspectos que redundarán na seguridade, salubridade, actividades e uso polos usuarios.

As competencias municipais sobre a vixilancia e limpeza de praias derívanse expresamente do establecido no artigo 115.d) da Lei 22/1988, de costas, conforme ao cal as competencias municipais abarcan o mantemento das praias nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade, así como a vixilancia da observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas. A Lei 7/1985, no seu artigo 25 establece as competencias propias dos municipios, así as relativas ás praias, como equipamentos estarían comprendidos no apartado d), as relativas á seguridade, policía local e protección civil, no apartado f), as de estacionamento de vehículos e mobilidade no apartado g), as relativas ao turismo no apartado h) e por último ás relativas á protección da salubridade pública no apartado j). Pola súa banda a Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia, no seu artigo 80.2, apartados a), f), h), l) e n) establece que os municipios, en todo caso, exercerán as competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas materias de seguridade nos lugares públicos, a protección civil, a protección da salubridade pública, a limpeza pública e a xestión de residuos e as actividades relativas ao turismo.

A potestade regulamentaria dos municipios está expresamente recoñecida no art. 4.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, e no mesmo senso o art. 6.1.a) da Lei 5/1997, do 2 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A Ordenanza será de aplicación no termo municipal de Ponteceso, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido na lexislación estatal de Costas, e/ou que teña a consideración normativa de praia, sen prexuízo das competencias doutras administracións na materia.

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto regular o uso das praias do Concello de Ponteceso e regular as actividades que se realicen na mesma, co fin de protexer a saúde pública e o medio ambiente, así como conseguir unha mellora da imaxe do noso litoral.

A Ordenanza será de aplicación no termo municipal de Ponteceso, no espazo que constitúe o dominio público marítimo terrestre definido na lexislación estatal de Costas, e/ou que teña a consideración normativa de praia, sen prexuízo das competencias doutras administracións na materia.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese como:

a) Praias: A marxe, a beira ou a ribeira que rodean as augas de baño continentais ou marítimas, en superficie case plana que teñan ou non vexetación, formadas pola acción da auga ou do vento ou por outras causas naturais ou artificiais. Inclúese nesta definición as zonas de depósito de materiais soltos, tales como areas, gravas e seixo, bermas e dunas.

b) Augas de baño: Calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poidan bañarse un número importante de persoas ou exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño e no que non exista unha prohibición permanente de baño, nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste, onde non exista perigo obxectivo para o público.

c) Zonas de augas de baño: Área xeograficamente delimitada dun termo municipal composta por unha praia e as súas augas de baño. En todo caso, entenderase como zona de baño aquela que se atope debidamente balizada para o efecto. Nos tramos de costa que non estean sinalizados como zona de baño, entenderase que esta ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros na praia ou 50 metros no resto da costa.

d) Zona de varada: Aquela destinada á estancia, embarque, desembarque ou mantemento de embarcacións profesionais ou de recreo, debidamente identificadas.

e) Acampada: Instalación de tendas de campaña, vehículos e remolques habitables.

f) Campamento: Acampada organizada e dotada dos servizos establecidos nas normativas vixentes.

g) Animal de compañía: Todo aquel, que sendo doméstico ou silvestre, é mantido polas persoas coa finalidade de vivir con elas, asumindo as responsabilidades inherentes á súa convivencia, sen que exista ningunha actividade lucrativa sobre el.

h) Tempada de baño: A efectos da presente ordenanza enténdese por tempada de baño o período comprendido entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

de Pontevedra, por resolución da Alcaldía, poderá variar as ditas datas en función das circunstancias climatolóxicas.

i) Pesca marítima de recreo: Enténdese aquela que se realiza por afección ou deporte, sen ningunha retribución e sen ánimo de lucro. Esta modalidade poderá ser exercitada en superficie, desde una embarcación ou a pé desde a costa e submarina, nadando ou mergullándose a pulmón libre.

Artigo 3. Sinalización preventiva e informativa.

1. Como instrumentos de sinalización para a seguridade das persoas usuarias servirán as bandeiras de sinalización de habilitación para o baño, que determinarán a aptitude das condicións das augas para o baño. As bandeiras clasificaranse por cores indicando o estado do mar en canto á idoneidade do seu uso para o baño:

– Verde: apto para o baño.

– Amarela: precaución. Permitirá o baño con certas restricións. Prevé dun certo perigo no baño derivado das condicións do mar observadas e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

– Vermella: prohibido o baño. Prevé dun grave perigo no baño para a vida ou saúde das persoas, ben sexa polas condicións do mar e/ou pola existencia de animais, elementos flotantes, contaminación, ou outras circunstancias de risco para a saúde das persoas.

2. En todo caso as bandeiras anteriores poderanse complementar con outras que indiquen concretamente e, de xeito claro, o perigo a previr.

3. Procederáse a divulgación da información necesaria para o axeitado gozo das praias e da franxa costeira. Os elementos de sinalizacións (paneis, carteis,...) deberán conter a seguinte información:

a) Nome do concello.

b) Nome da praia á que se refire a información.

c) Servizos dos que dispón a praia.

d) Información sobre indicadores de perigo: bandeiras, sinais...

e) Localización dos postos de primeiros auxilios e vixilancia, horarios, etc.

f) Teléfonos de emerxencia e outros de interese.

g) Puntos de recollida de lixo: situación, puntos de lixo.

h) Códigos de conduta dos usuarios: duchas, lixo...

i) Espazos naturais protexidos.

j) Estado e calidade das augas.

A información indicada ofreceráse en soportes normalizados, que serán instalados nos lugares de acceso principais aos areais.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Artigo 4.–Uso común xeral.

1. A utilización das praias será libre, pública e gratuíta para os usos comúns e acordes coa natureza daquela, sempre que se realicen de acordo coas leis, regulamentos e coa presente ordenanza. O paseo, a estancia e o baño pacífico na praia e no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.
2. Non se permitirá o uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume poidan molestar ao resto dos usuarios da praia. Tampouco será permitida a práctica de nudismo ou naturismo.
3. Sen prexuízo das competencias das distintas administracións públicas co fin do control sobre o consumo de drogas, especialmente cara ao colectivo dos menores de idade, e valorando que do consumo de bebidas alcohólicas na praia en horario nocturno e en grupo resulta a produción de residuos sólidos que son abandonados nela, queda prohibida esta práctica.
4. Queda prohibido dar un uso diferente ao que lles é propio, ás duchas, aos lava pés, aos aseos, así como limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú que conteña produtos deterxentes. Ao mesmo tempo, fomentárase o aforro na utilización da auga. Queda expresamente prohibido tirar cabichas ou cinzas na praia, quedando obrigadas as persoas que desexen fumar na praia a dispor dun cinceiro ou calquera outro sistema que demostre que poden recoller as cabichas e cinzas. Non dispor destes métodos será motivo de sanción.
5. Queda prohibido alterar as dunas naturais formadas ou en proceso de formación das praias, xa sexa con vehículos, con animais, de xeito manual ou mecánico.
6. En todo caso, a utilización de calquera elemento do mobiliario urbano, en xeral, corresponderá ao fin para o cal está destinado.
7. En casos especiais nos que se vexa afectada, ao xuízo da autoridade, a seguridade ou a salubridade das persoas usuarias, o alcalde ditará unha resolución na que se prohiba o uso e o gozo do baño na praia ou do acceso ao areal. Esta medida terá carácter temporal debendo restablecerse o libre acceso á praia e á costa inmediatamente en cando desapareza a situación que motivou o seu decreto.
8. Autorizacións. A realización de calquera tipo de actividade, ocupación, uso especial, publicidade ou disposición de obxectos, aínda de forma temporal, no ámbito de aplicación da presente ordenanza, deberá dispor das preceptivas autorizacións e títulos esixibles polas administracións públicas competentes. En caso contrario, e sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador pola infracción cometida, habilitaranse as potestades administrativas para ordenar o cese da actividade ou a restitución do medio ao seu estado orixinario.

Artigo 5.–Publicidade.

Prohíbese a publicidade a través de carteis ou valados ou por medios acústicos ou audiovisuais e por calquera medio de difusión, incluíndo a realizada por vía aérea. No seu caso, a Policía Local denunciará perante a administración competente a infracción co fin de instruír o correspondente procedemento sancionador.

Artigo 6.–Limpeza.

1. Corresponde á Administración municipal a limpeza e o acondicionamento das praias do termo municipal. A limpeza realizarase do xeito que sexa máis adecuado ás características da praia, coa



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

frecuencia e co horario previstos para a axeitada xestión do servizo, retirando os residuos e baleirando as papeleiras públicas e os recipientes de residuos dispostos durante a tempada de baño.

2. Queda prohibido calquera acto que puidese ensuciar as praias, estando obrigado o responsable á limpeza inmediata, sen prexuízo das sancións que puidesen derivarse por tales feitos.

3. O Concello, por si mesmo ou a través da empresa encargada do servizo de limpeza de praias, poderá realizar campañas de sensibilización ambiental e protección do medio ambiente mediante as accións divulgativas que estime oportunas.

4. Xestión de arribazóns de algas: o servizo de limpeza xestionará as acumulacións de algas, cando sexa necesario e tendo en consideración que as algas son un compoñente natural do ecosistema mariño. A zona costeira é un medio ambiental natural e vivo, non só como un activo da oferta recreativa local que debe manterse limpo. Polo tanto, a xestión das algas na praia farase de maneira sensible, tanto para o visitante como o mantemento da biodiversidade litoral.

As arribazóns de algas non serán retiradas da praia a non ser que representen un foco de insalubridade e só entre maio e outubro xa que o resto do ano as arribazóns amortecen o efecto das ondas nos areais. Poderán acumularse con medios manuais ou mecánicos, primándose neste caso que a maquinaria empregada sexa lixeira. e con pas e/ou cribas que eviten perda de area co proceso de extracción.

Artigo 7.–Residuos.

1. Prohíbese depositar na praia ou no mar calquera clase de residuo, sexa cal sexa a súa natureza e o seu volume. Latas, cabichas, envoltorios, restos de comida, etc. Deberán ser depositados nos colectores ou papeleiras distribuídos polo concello para tal efecto.

2. Os colectores e as papeleiras instalados deben utilizarse correctamente, non podendo verter neles materiais líquidos, materiais perigosos, entullos, madeira, materiais de combustión, animais mortos, mobles ou calquera outro tipo de material ou residuo non axeitado para o seu uso.

3. Desde o Concello realizaranse campañas de concienciación cidadá para evitar estas verteduras. Calquera infracción a este artigo será obxecto da instrución do correspondente procedemento sancionador, quedando ademais o infractor obrigado á recollida dos residuos por el guindados.

4. Os servizos de tempada e toda ocupación de vía ou espazo público obxecto desta ordenanza deberán aterse aos horarios que estableza o Concello de Ponteceso para depositar os lixos provenientes do desenvolvemento da súa actividade. Deberán contar cos seus propios recipientes para o depósito de lixo.

5. Co fin de manter a hixiene e a salubridade, este Concello adoptará as medidas oportunas de control das verteduras e dos depósitos de materiais.

Artigo 8. Condutas de carácter hixiénico-sanitario.

1. Está prohibido:

a) A evacuación fisiolóxica na praia.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

b) A utilización de xabón, xel, xampú ou calquera outro produto similar que conteña deterxentes para lavarse no mar e nas duchas.

2. O Concello abrirá ao público durante a tempada de baño os aseos públicos. Constituirá unha infracción o seu uso diferente ao que lle é propio como xogar, limpar os utensilios de cociña, lavarse utilizando xabón, xel ou xampú ou calquera outro produto deterxente, pintar, deteriorar etc., sen prexuízo das responsabilidades doutra índole que poidan esixirse.

3. Naquelas zonas onde se realice algún tipo de actividade, xa sexa permanente ou temporal, os seus responsables deberán manter durante o seu exercicio, as debidas condicións de limpeza e salubridade. Os titulares dos servizos de tempada están obrigados a evitar que se produza acumulación de lixo na zona onde estean implantados, polo que deberán proceder á súa limpeza coa frecuencia adecuada á intensidade do seu uso, depositando os restos nos colectores habilitados para iso.

4. Co fin de facilitar a limpeza das praias, durante a tempada de baño non se permitirá instalar calquera elemento que entorpeza o paso dos servizos de limpeza dentro do horario que se estableza.

5. A evacuación dos residuos farase obrigatoriamente no tipo de envases e recipientes normalizados que se establezan. Estes deberanse depositar nos colectores habilitados para a recollida selectiva de residuos dispostos no seu contorno.

6. Quen vulnere esta prohibición, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou dos membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, deberá retirar de inmediato os residuos e proceder ao seu depósito, conforme se establece nesta ordenanza, sen prexuízo da sanción que lle poida corresponder.

Artigo 9. Seguridade.

Co fin de garantir a seguridade e o mantemento e a hixiene destas sen provocar molestias ao resto de usuarios prohibese:

a) Realizar lume directamente no chan da praia (areas, pedras ou rochas), agás exclusivamente naquelas datas que por especial significación se autoricen expresamente polos organismos competentes.

b) Usar bombonas de gas e/ou líquidos inflamables.

c) Cociñar na praia.

d) Limitar de calquera xeito a visibilidade dos postos de Salvamento e socorrismo, circunstancia que se considerará como un entorpecemento do labor deste servizo para os efectos da instrución do expediente sancionador que corresponda.

Artigo 10.–Información sobre o estado e a calidade da auga.

A poboación terá dereito a ser informado polo Concello da falta de aptitude para o baño e das augas que non satisfagan os criterios de calidade mínima esixibles polas normas vixentes. Para tal fin, o Concello facilitará, a quen así o solicite, a través do Servizo de Salvamento, a información actualizada do estado das augas de baño.

Artigo 11.–Animais.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

1. O propietario, ou o seu acompañante, considérase responsable das actuacións que o animal realice e os prexuízos que ocasione ás persoas, ás cousas e ao medio en xeral, con relación ao previsto na presente ordenanza.

2. Queda prohibida con carácter xeral a presenza de animais en época estival que comprende dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro. Mediante resolución de Alcaldía, previa xustificación razoada, poderase modificar estas datas.

Fóra de tal período, a presenza de animais estará suxeita ao cumprimento das condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e de convivencia cidadá relativas á presenza de animais no contorno humano, segundo o establecido na lexislación específica vixente, prohibíndose en todo caso que os animais vaian soltos.

O propietario ou o acompañante do mesmo, será responsable da actuación que o animal realice e dos prexuízos que ocasione ás persoas, cousas e ao medio en xeral.

3. As persoas que conduzan cans e outros animais polos arredores da praia deberán impedir que estes ingresen no areal, transiten polas dunas e realicen as súas deposicións na praia. En calquera caso, o condutor do animal está obrigado a recoller e retirar os excrementos, debendo limpar a parte que fose afectada, así como a impedir interferencias do animal coa flora e fauna natural das praia tales como escavación de furados, ladridos, destrución de niños, etc.

4. Non obstante, permítese a presenza de cans destinados a traballos de salvamento ou auxilio a persoas necesitadas, cando as circunstancias así o aconsellen.

5. Permítese a presenza de cans de asistencia (aqueles adestrados para o acompañamento, condución e auxilio de persoas con discapacidade, debendo estar debidamente acreditados e identificados) en compañía da persoa á quen sirvan, sen prexuízo da responsabilidade do seu posuidor ou propietario nin das medidas que deba adoptar para evitar molestias ou riscos ao resto das persoas.

Artigo 12. Da práctica da pesca

1. Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, prohibese a pesca desde a beira da praia e desde os espigóns, excepto entre as 22 e as 9 horas ambas inclusive, coa fin de evitar danos que os aparellos utilizados poidan causar ao resto dos usuarios.

Calquera actividade de pesca deportiva realizada dentro do horario establecido, quedará supeditada á ausencia de usuarios na praia.

En casos excepcionais, tales como feiras, concursos, etc. poderá autorizarse a práctica da pesca, debendo respectar os participantes os lugares, horarios e condicións que estableza a autorización do organismo competente.

2. En orde á protección e seguridade dos usuarios da praia, non se permite:

a) A entrada e saída ao mar desde a praia aos/ás pescadores/as submarinos/as co fusil cargado, así como a manipulación en terra deste ou doutros instrumentos de pesca submarina que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.

b) A manipulación en terra de calquera instrumento de pesca que poidan supor un risco para a seguridade das persoas.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Artigo 13. Circulación de vehículos.

Queda prohibido en toda a extensión da praia o estacionamento e a circulación de vehículos de calquera tipo, de dúas ou máis rodas, por tracción mecánica ou animal, e expresamente as motos e quads. Exímense da devandita prohibición os vehículos de urxencia, seguridade, servizos municipais, ou outros expresamente autorizados, así como aqueles vehículos que con carácter diario, proceden á limpeza, ao mantemento e á vixilancia das praias, tales como motos, tractores e máquinas limpa praias. Todos estes vehículos exentos non poderán quedar estacionados na praia ou na zona de baño, debendo retirarse unha vez terminada a actuación que motivou o seu acceso á praia ou á zona de baño.

Artigo 14. Acampada e elementos de ocupación do espazo da praia.

1. Está prohibida durante todo o ano e a calquera hora a instalación de tendas de campaña, así como as acampadas ou campamentos de calquera duración de tempo, por razóns de protección dos espazos de interese natural, paisaxístico ou cultural.
2. Queda prohibido deixar instalados os elementos enunciados no punto anterior, así como parasoles, cadeiras, mesas ou complementos sempre que non se atopen presentes os seus propietarios na praia, coa única finalidade de ter reservado un lugar na praia sen atoparse nin na zona de baño nin no areal.
3. Os servizos municipais ou a Policía Local poderán retirar os elementos instalados irregularmente, e depositalos en dependencias municipais. Unha vez retirados ou depositados os devanditos elementos só poderán ser devoltos aos seus donos cando presenten un xustificante que acredite a súa propiedade. Este feito non exime ao propietario dos efectos de ter que responder ante a instrución dun procedemento sancionador, de ser o caso.
4. Calquera tipo de ocupación da praia, deberá dispor da autorización expresa da autoridade competente.

Artigo 15. Navegación.

1. De acordo co disposto na normativa sectorial administrativa en materia de Costas, nas zonas de baño, debidamente sinalizadas, non estará permitida a navegación deportiva e de recreo así como a utilización de calquera tipo de embarcación ou medio flotante movido a motor ou a vela (piraguas, patíns ou similares). O lanzamento ou a varada de embarcacións deberá facerse a través de canles debidamente sinalizadas e a velocidade limitada, a tres nós como máximo.

Esta prohibición non será de aplicación a aquelas embarcacións oficiais ou medios que se utilicen para realizar os servizos de limpeza de residuos flotantes, vixilancia, salvamento ou socorrismo. Estas non deberán superar a velocidade de tres nós, salvo causa de forza maior ou salvamento, debendo adoptarse neste caso as precaucións necesarias para evitar riscos á seguridade das persoas ou á navegación marítima.

2. Os tramos de costa que non estean balizados, entenderase como zona de baño a que ocupa unha franxa de mar contigua á costa dunha anchura de 200 metros lineais na praia e de 50 metros lineais no resto da costa.
3. O Concello poderá establecer zonas de lanzamento, varada ou zonas náuticas, sinalizándoas convenientemente. As embarcacións a motor ou vela deberán utilizar estas zonas náuticas obrigatoriamente.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

4. Todas as embarcacións que naveguen pola costa deberán en todo momento cumprir as normas establecidas pola Capitanía Marítima correspondente, incluíndo as embarcacións de salvamento e rescate, así como calquera embarcación de servizo estatal, autonómico ou local. Asemade, deberán respectar as canles de tránsito para acceso a ríos ou zonas portuarias ou de amarre. Na tempada de verán, queda prohibido fondear na praia dentro da zona de augas de baño.

Artigo 16. Ocupación con aparellos de navegación.

1. Non se permite a ocupación de espazo público sen autorización, así como o abandono en zona pública de obxectos, artefactos, ou os elementos que se enuncian a continuación: embarcacións, remolques, táboas de windsurf, velas, remos e similares. Exceptúanse os que se atopen dedicados a servizos de emerxencia ou servizos públicos.

2. En tales casos a autoridade competente requirirá a retirada dos artefactos ao seu titular, concedéndolle un prazo de 24 horas e indicando a modo de advertencia, no mesmo requirimento, que en caso do seu incumprimento servirá o requirimento de orde de execución da retirada inmediata por incumprimento, unha vez transcorridas as 24 horas antes indicadas, efectuándose de forma subsidiaria polo Concello e con repercusión dos custos municipais a cargo do titular, depositándose nun recinto municipal.

3. No caso de ser imposible o requirimento, a pesar de ter identificado ao infractor titular, por non localizalo, procederase de forma cautelar á súa retirada. En caso de non identificar á persoa responsable da titularidade do obxecto, artefacto ou elemento quedará facultado o Concello para retirar, a modo de medida cautelar, os obxectos, artefactos, elementos antes enunciados e serán depositados no recinto municipal habilitado para tales efectos.

Artigo 17. Actividades e práctica de xogos, deportes na zona de baño e formación.

1. O paseo, a estancia ou o baño na praia ou no mar teñen preferencia sobre calquera outro uso.

2. O desenvolvemento de actividades, como xogos de pelota, paletas e outros exercicios poderanse realizar sempre que non supoñan unha molestia para o resto das persoas por realizarse a una distancia que as elimine, nunca inferior a oito metros, ou que a dimensión da praia o permita.

3. Poderán desenvolverse as actividades deportivas ou lúdicas nas zonas que teña dedicadas á práctica de diversos deportes, xogos infantís, etc., e que estean debidamente sinalizadas ou sexan visibles ao resto dos usuarios.

Artigo 18. Deportes acuáticos.

1. Nas zonas de baño ou durante a tempada de baño, poderanse habilitar zonas, adecuadamente sinalizadas, para a práctica ou ensinanza de actividades deportivas de surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf ou outros deportes similares, co fin de evitar os danos que a súa práctica poden causar ao resto de usuarios.

2. As actividades de ensinanza e formación das modalidades deportiva de surf, bodyboard, longboard, paddle surf e similares, con independencia de sexan promovidas por persoas físicas ou xurídicas, con ou sen ánimo de lucro, e de que se perciba ou non un prezo pola prestación da actividade requirirán, previa autorización administrativa emitida pola autoridade competente.

3. Durante o período estival no que haxa servizo de salvamento e socorrismo a utilización das praias para actividades deportivas tales como surf, bodyboard, kayak, paddle surf o kitesurf, ou



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

outras similares, que se practiquen libremente ou a través dunha escola autorizada, limitárense aos tramos sinalizados ao efecto dentro da zona de baño.

O Concello delimitará neste período a través do seu servizo de salvamento e socorrismo, os tramos de praia exclusivos para o baño distinguíndoos daqueles outros nos que se permita a práctica dos ditos deportes, que poderán ser prohibidos temporalmente por días ou horas cando, derivado dunha gran presenza de bañistas ou outras circunstancias, sexa conveniente, a xuízo do servizo de salvamento e socorrismo, para protexer a seguridade dos bañistas.

4. As escolas de surf, bodyboard, kayak, paddle surf o kitesurf, ou outras similares que pretendan actuar deberán contar coa preceptiva autorización expedida pola Demarcación de Costas, que deberá ser exhibida a solicitude dos axentes da Policía Local ou dos membros do servizo de salvamento e socorrismo. Aquelas escolas que non contén coa dita autorización teñen prohibida a entrada na zona de baño.

5. O Concello delimitará, a través dos servizos de salvamento e socorrismo, os tramos da praia exclusivos para o baño distinguíndoos daqueles outros nos que se permitan as actividades deportivas descritas neste artigo. A ocupación máxima non superará a proporción de un alumno por metro cadrado de tramo de costa sinalizado para a práctica de surf, bodyboard, kayak, paddle surf o kitesurf, ou outras similares.

Cando se esgotara esta capacidade, non poderán entrar na auga novas escolas con novos alumnos ata que saian dela as escolas que se atopan na auga e se restableza a dita capacidade. Coa finalidade de establecer unha orde de preferencia entre escolas para entrar na auga, e aos efectos do disposto neste parágrafo, estas deberán cada día e de forma presencial identificarse e apuntarse no posto de socorrismo da praia, dando os socorristas autorización para a entrada da escola na auga por rigoroso orde de prelación.

Coa finalidade de que todas as escolas autorizadas poidan utilizar a praia deste Concello, e tendo en conta as súas pequenas dimensións, prohibese que unha mesma escola poida permanecer na auga máis de 90 minutos consecutivos, sexa cos mesmos ou con distintos alumnos, se existe outra escola apuntada e interesada en entrar na auga.

Estas escolas deberán identificarse claramente mediante licras ou neoprenos nas que conste o nome da escola e con cores distintas para profesores e alumnos.

6. Poderanse exceptuar do previsto anteriormente os supostos de concursos, podendo autorizarse as prácticas deportivas citadas. Tanto as persoas organizadoras como participantes, deberán respectar os lugares, horarios ou condicións que estableza o Concello. Nestes casos permitidos, a práctica deportiva farase en lugares debidamente sinalizados e con carácter temporal.

Artigo 19. Venda ambulante.

1. Considérase venda non sedentaria a venda ambulante e a realizada en puntos non estables por vendedores habituais ou ocasionais.

2. Prohibese a venda ambulante daqueles produtos cuxa normativa específica así o estableza e todos aqueles carentes dunha autorización municipal específica. En particular, bebidas e produtos alimenticios en xeral.

3. A autorización municipal para a venda especificará o tipo de produtos que poidan ser obxecto de venda, así como o lugar ou os lugares precisos onde deba exercerse e as datas e o horario en que se poderá levar a cabo.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

4. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán requisar a mercadoría a aquelas persoas non autorizadas que realicen a venda de calquera tipo de mercadorías na praia. Unha vez retirada, esta só poderá ser devolta cando se presente un xustificante que acredite a súa propiedade. Todo iso sen prexuízo da instrución do correspondente expediente sancionador ou responsabilidades que correspondan ao autor da venda.

Artigo 20. Protección dos bañistas.

1. Co fin da prevención en materia de seguridade e salvamento, no seu caso, das vidas humanas, as praias disporán durante a tempada de baño de servizos de salvamento e socorrismo. Os servizos de salvamento e socorrismo atenderán os postos de salvamento exclusivamente durante o horario que determine o Concello e que figure exposto nos carteis indicadores situados neses postos.

2. Na praia deberá haber un Servizo de Salvamento formado por un conxunto de medios humanos e materiais que posibiliten adoptar unha serie de medidas organizativas, de planificación e de seguridade e protección.

3. As funcións do Servizo de Salvamento circunscríbense ás zonas sinalizadas para o baño nas que se indique a súa existencia, ou as sinalizadas mediante bandeiras preventivas e concretamente ás seguintes:

a) Efectuar as tarefas de vixilancia continua da zona de baño, o socorrismo e o salvamento de persoas e a observación do contorno ambiental dentro do horario que se faga público para as persoas.

b) Garantir a primeira atención sanitaria.

c) A procura de persoas desaparecidas.

d) A información sobre os recursos dispoñibles e o estado do mar.

e) Izar as bandeiras en función do estado do mar e velar pola conservación dos sinais e do material destinado á prevención de accidentes, á vixilancia, ao salvamento, ao socorro e ao transporte de accidentados.

f) Informar aos usuarios das embarcacións con motor e aos que practiquen deportes náuticos das prohibicións ou limitacións da súa práctica.

g) Manter a zona destinada ao baño despexada de animais e obxectos que poidan presentar perigo para os bañistas. Inclúe esta previsión a vixilancia da zona de areal para a constatación de que se atopa en perfectas condicións, despexada de animais e obxectos perigosos, tendo os traballadores do servizo que retiralos, ou no seu defecto de ser imposible esta acción, cursar aviso ao seu responsable.

h) Sinalizar as zonas de baño de acordo coa clasificación establecida, modificando estas cando as circunstancias do tempo ou outras así o aconsellen.

i) Poñer en coñecemento da Policía Local ou do órgano municipal competente a comisión de infraccións ao previsto na presente ordenanza, para os efectos da incoación do procedemento sancionador correspondente.

k) En xeral, evitar toda clase de actividade que resulte perigosa para os usuarios.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

4. Corresponderá tamén ao Servizo de Salvamento e Socorrismo as actuacións de emerxencia fóra das praias, como zonas de acantilado onde se atope unha persoa en situación de risco, podendo ser encomendadas estas actuacións pola autoridade xudicial.

Artigo 21. Das obrigas dos bañistas e das persoas usuarias das praias.

1. O público bañista queda obrigado a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poida realizar o Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións existan ou poidan ditarse en diante polos organismos competentes. En todo caso non poderán afastarse en máis de 25 metros da beira do mar, co obxecto de poder garantir a súa seguridade.

2. As persoas que desexen bañarse fóra da tempada de baño ou fóra do horario establecido para o Servizo de Salvamento e Socorrismo farano baixo a súa exclusiva responsabilidade.

3. Tamén o farán baixo a súa exclusiva responsabilidade, aínda bañándose, dentro da tempada de baño e dentro do horario establecido para os mencionados servizos, cando o fagan sen seguir as orientacións e indicacións dos servizos e fóra das zonas sinalizadas para o baño ou sinalizadas como tal mediante bandeiras.

4. Recoméndase ás persoas con algún tipo de diversidade funcional ou enfermidade para as que o baño poida constituír algún risco que poñan esta circunstancia en coñecemento do Servizo de Salvamento e Socorrismo para os efectos de que adopte, no seu caso, as medidas pertinentes, que poden consistir en demorar o baño ou de facelo cos elementos que consideren oportunos. A mesma regra serve para o suposto de baño dun conxunto de persoas que formen unha excursión, podendo ser os seus integrantes menores de idade ou non, xa que o baño colectivo pode implicar riscos que debe valorar con carácter previo o Servizo de Salvamento e Socorrismo.

5. Queda prohibido o baño cando se atope izada a bandeira de cor vermella. Quen vulnere a prohibición de bañarse cando se atope izada a bandeira de cor vermella, a requirimento verbal dos axentes da autoridade ou do persoal de salvamento, deixarán de tomar o baño de inmediato, sen prexuízo de que cubra parte de denuncia, en orde á instrución do oportuno expediente sancionador.

6. No caso da existencia de rachas de vento, a fin de previr posibles problemas de seguridade persoal e colectiva, a autoridade municipal ou os seus axentes e o persoal de Salvamento e Socorrismo, poderán ordenar o peche de todo tipo de parasoles, para ventos, cadeiras, hamacas, etc. Igualmente, poderase ordenar a retirada daquelas cadeiras, hamacas, ou calquera elemento disposto no chan da praia que estea oxidado ou visiblemente deteriorado para evitar calquera tipo de posible dano físico ou contaminación. En todo caso, e con independencia da existencia de vento, é imprescindible que os elementos instalados na praia se atopen perfectamente ancorados ao chan, de xeito que non poidan ser desprazados causando perigo para os demais.

7. Todo o persoal que realice tarefas de salvamento, socorrismo e asistencia sanitaria, deberá dispor da titulación homologada que o acredite e habilite para o exercicio destas actividades profesionais. Este persoal durante o seu exercicio profesional deberá ir debidamente uniformado de xeito que sexa perfectamente identificable e levará o equipamento que sexa preciso a xuízo dos responsables do servizo.

Artigo 22. Postos de primeiros auxilios.

1. As características da instalación e do equipamento dos postos de Primeiros Auxilios serán as necesarias para tratar unha primeira atención sanitaria e as posibles situacións básicas de urxencia ordinaria, contando con abastecemento de enerxía e auga, sala de curas, mastros de



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

senalización, equipos de comunicacións e coordinación de emerxencias e sistema de megafonía para informar e comunicar incidencias aos usuarios das praias.

2. Dependendo das necesidades e posibilidades na prestación do servizo poderase dispor da utilización de vehículos: embarcacións e motos acuáticas de rescate ou vehículos de loxística e apoio.

Artigo 23. Réxime sancionador: infraccións.

As infraccións ao previsto nesta ordenanza serán sancionadas pola Alcaldía ou pola concellería na que este órgano delegue, dentro do ámbito das súas competencias, coa incoación previa do oportuno expediente no que se terá en conta as circunstancias que concorran en cada caso. Todo iso, sen prexuízo de pasar o tanto de culpa ao xulgado que corresponda ou remitir actuacións practicadas ás autoridades competentes, cando así o determine a natureza da infracción.

Ademais de impoñer a correspondente sanción, a Administración municipal adoptará as medidas pertinentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica infrinxida, coa execución subsidiaria, se procede, das actuacións a cargo do infractor.

Artigo 24. Gradación.

1. As infraccións tipificadas na lexislación específica serán sancionadas coas medidas e coas multas nela fixadas.

2. As infraccións a esta ordenanza clasificaranse en:

- Leves
- Graves
- Moi graves

Artigo 25. Infraccións leves.

Cualificaranse como infraccións leves as seguintes:

a) A realización de actividades como xogos de pelota, paletas ou outros exercicios, na superficie da area e nas zonas e augas de baño, que debido á falta de espazo, á elevada concorrencia de usuarios ou a outras condición de uso da praia, causen evidentes molestias a outras persoas.

b) O incumprimento das normas de limpeza por parte das persoas e que non se consideren graves no artigo seguinte.

c) O uso de aparellos sonoros ou instrumentos musicais cando polo seu volume de sonoridade causen molestias aos demais usuarios das praias.

d) O uso indebido da auga das duchas e lava pés así como lavarse no mar ou na praia utilizando xabón ou calquera outro produto de aseo corporal que conteña deterxentes.

e) A instalación de parasoles, para ventos, así como cadeiras, mesas ou outros complementos, sempre que non se atope presente a persoa propietaria, co fin de ter reservado un lugar na praia, coa única finalidade de ter reservado un lugar na praia sen atoparse nin na zona de baño nin no areal.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

- f) A venda ambulante sen autorización expresa, salvo que por normativa específica se corresponda outro tipo de sanción.
- g) A práctica de pesca en lugar, horarios ou en época non autorizada, salvo que por normativa específica regule outro tipo de sanción.
- h) A evacuación fisiolóxica na praia.
- i) A realización non autorizada e advertida unha soa vez, de actividades de ensinanza e formación das modalidades deportivas de surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares, con independencia de que sexan promovidas por persoas físicas ou xurídicas, con ou sen ánimo de lucro, e de que se perciba ou non un prezo pola prestación da actividade; así como o aluguer ou cesión de elementos destinados a práctica de surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares.
- h) Calquera outra infracción a esta ordenanza que non estea expresamente cualificada como falta grave ou moi grave.

Artigo 26. Infraccións graves.

Cualifícanse como infraccións graves as seguintes:

- a) O baño cando estea izada a bandeira vermella.
- b) O lume na praia, cociñar, así como usar grellas, bombonas de gas ou outros utensilios para facer lume, sen a autorización correspondente, que se determinará para un evento concreto de natureza excepcional.
- c) O uso na práctica de pesca deportiva de escopeta submarina ou arpón que pola súa proximidade poida supor risco para a saúde e seguridade das persoas.
- d) O incumprimento das normas de limpeza por parte dos titulares dos servizos de tempada da praia, ou de calquera outra actividade autorizada polo órgano competente.
- e) O depósito en papeleiras e similares de materiais en combustión por parte dos usuarios das praias.
- f) A presenza de animais na praia, fóra do horario autorizado. Será punible tamén non recoller as deposicións que efectúen na praia ou vías públicas.
- g) A dificultade, de xeito intencionado, das funcións do servizo público de salvamento recollidas na presente ordenanza.
- h) O incumprimento dos requirimentos específicos que formule a Administración municipal, sempre que se produza por primeira vez.
- i) A resistencia a facilitar información ou amosar información ou documentación falsa, inexacta, incompleta ou que induza a erro, implícita ou explicitamente, ou non prestar colaboración á Administración municipal ou aos seus axentes.
- k) O uso de vehículos non permitidos por toda a extensión da praia, en particular motos ou quads.
- l) O consumo de bebidas alcohólicas na praia en horario nocturno e en grupo.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

m) A práctica de surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf e outros deportes similares incumprindo as normas establecidas na presente ordenanza e a varada ou permanencia de embarcacións, táboas de surf, windsurf, kitesurf, embarcacións a pedais, motos acuáticas etc., fóra das zonas sinaladas e destinadas para tal fin.

n) A reincidencia na comisión de infraccións leves nos últimos tres anos.

Artigo 27. Infraccións moi graves.

Cualificaranse como infraccións moi graves as seguintes:

a) A vertedura ou o depósito de materias que poidan producir contaminación e risco de accidentes.

b) A realización de calquera ocupación con instalación fixa ou desmontable sen contar coa preceptiva autorización.

c) A circulación de embarcacións non autorizadas a distancia inferior a 200 metros da costa.

d) A causa de calquera tipo de impacto negativo sobre a fauna e flora tanto litoral como mariña.

e) A causa dolosa de danos graves sobre do mobiliario ou elementos da praia, incluíndo a zona de baño.

f) O incumprimento reiterado dos requirimentos específicos formulados pola Administración municipal.

g) A realización non autorizada e advertida dúas ou mais veces, de actividades de ensinanza e formación das modalidades deportivas de surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares, con independencia de que sexan promovidas por persoas físicas ou xurídicas, con ou sen ánimo de lucro, e de que se perciba ou non un prezo pola prestación da actividade; asemade, o aluguer ou cesión de elementos destinados á práctica do surf, windsurf, kitesurf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares.

h) A reincidencia na comisión de faltas graves nos últimos cinco anos.

Artigo 28. Apercibimento.

1. A autoridade municipal ou os seus axentes, poderán apercibir verbalmente aos que infrinxan calquera das disposicións contidas na presente ordenanza, co fin de que de forma inmediata cesen a actividade prohibida ou realicen a obrigaón debida, iso sen prexuízo da incoación de expediente sancionador cando corresponda, ou no seu caso, se remita parte de denuncia á Administración competente.

2. O persoal de salvamento ou socorrismo apoiará os anteriores no labor de informar do que establece a presente ordenanza, comunicando particularmente as infraccións a esta e apercibindo ao posible infractor das responsabilidades que da súa conduta lle poden derivar.

3. Os bañistas quedan obrigados a seguir as orientacións e as indicacións que por seguridade poidan realizar os axentes da autoridade ou os membros do Servizo de Salvamento e Socorrismo, así como cantas disposicións de desenvolvemento existan ou que poidan ditarse en diante polos organismos competentes.

Artigo 29. Sancións.



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

1. A comisión dunha infracción administrativa das tipificadas no capítulo anterior determinará, logo da instrución do correspondente procedemento sancionador, de acordo coa normativa sobre o procedemento administrativo común, a imposición das sancións sinaladas neste artigo. Os límites das sancións ordenaranse de acordo co establecido na Lei 57/03, de medidas para a modernización do goberno local.
2. Os límites dispostos no apartado anterior utilizaranse sen prexuízo da aplicación das sancións previstas na normativa sectorial que corresponda, e sen prexuízo da esixencia, cando proceda, das responsabilidades de carácter penal ou civil correspondentes.
3. A comisión dunha primeira infracción cualificada como leve será sancionada cun apercibimento por escrito. A comisión reiterada das condutas tipificadas como infraccións leves será sancionada cunha multa de contía variable dende 90 ata 500 euros.
4. As infraccións graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 501 ata 1.500 euros.
5. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de contía variable desde 1.501 ata 3.000 euros.
6. En ningún caso a sanción será inferior ao beneficio económico que a infracción supoña para o infractor.

Artigo 30. Gradación das sancións.

Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada. Valorarase a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración na comisión dos feitos e a intensidade dos danos causados a bens públicos ou as perturbacións ocasionadas aos demais usuarios da vía pública.

Artigo 31. Responsabilidade.

1. Son responsables das infraccións tipificadas nesta ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito que constituía a infracción por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas xurídicas, excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, tutores ou aqueles que dispoñan da custodia legal.
2. Son responsables, subsidiariamente, en caso que non se poida identificar aos autores, os titulares ou propietarios dos vehículos ou embarcacións cos que se realice a infracción.
3. En relación aos animais, en ausencia do propietario será responsable subsidiario a persoa que no momento de producirse a acción leva o animal.
4. Son responsables os titulares das licenzas ou autorizacións, cando por motivo do exercicio dunha actividade concedida nestas, realice algunha das infraccións tipificadas na presente ordenanza.
5. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles co requirimento ao infractor da reposición da situación alterada por este ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e polas perdas que se causaron, que poderán ser determinados polo órgano competente, debendo neste caso comunicarse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine, habilitándose no caso de que



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

non o faga o uso dos medios de execución forzosa dos actos administrativos dos que dispón a administración.

Artigo 32. Procedemento.

1. O procedemento aplicable ao expediente sancionador será aquel previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na normativa de desenvolvemento.

2. As denuncias que dean lugar á incoación do procedemento, sen prexuízo do resto de formas de incoación recoñecidas pola lei, serán formuladas polos axentes da autoridade ou polos particulares, tendo este valor os informes do persoal de Salvamento e Socorrismo nos que fagan constar a comisión dunha infracción administrativa, o que dará lugar á instrución do procedemento.

Artigo 33. Competencia para impoñer as sancións.

1. O alcalde do concello, ou ben o concelleiro que teña delegadas as funcións, serán competentes para impoñer as sancións cando procedan, logo da instrución do correspondente expediente sancionador.

2. Será competencia do alcalde, ou do concelleiro en quen delegue, garantir o exacto cumprimento das normas contidas nesta ordenanza, a través dos servizos administrativos aos que se lle encomenden estas funcións e co auxilio da Policía Local e co persoal adscrito ao Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Nos aspectos non previstos no presente texto, será de aplicación a lexislación sectorial que corresponda, co seguimento dos procedementos administrativos instruídos pola administración competente.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que transcorra o prazo regulamentario a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases do réxime local, e se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.

O alcalde,

Xosé Lois García Carballido
(documento asinado electronicamente)